



# Concello de A Mezquita

## **BANDO**

**D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde - Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,**

### **FAI SABER:**

#### **Beneficiarios:**

1. As microempresas e pequenas empresas ubicadas en zona rural
2. Persoas físicas que residan nunha zona rural.

#### **Proxectos Subvencionables:**

Os proxectos deben ter un orzamento elixible superior a 20.000 € e inferior a 250.000 €. No caso de proxectos promovidos no sector da artesanía, os límites anteriores quedan establecidos en 5.000 € e 100.000 € respectivamente.

Adquisición de bens de equipo co obxectivo de mellorar, ampliar e/ou modernizar pequenas empresas que desenvolven actividades produtivas non agrarias nos seguintes sectores e ámbitos de actividade:

1º) Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais. Non obstante o anterior, os investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitaranse ás operacións de segunda transformación.

2º) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios.

Non obstante o anterior, para este sector de actividade exclúranse aqueles proxectos cun orzamento elixible superior a 100.000 €.

3º) Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos agrícolas e forestais, e das empresas de servizos enerxéticos, así como das empresas que presten servizos nos sectores de hotelería (incluíndo todo tipo de empresas de aloxamento turístico), hostalería e restauración.

4º) Prestación de servizos sociais (garderías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas-escola...).

5º) Actividades de ocio, recreativas e deportivas

6º) Artesanía e actividades artesanais.

7º) Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.

8º) Comercio polo miúdo.

#### **Gastos Subvencionables**

Con carácter xeral, será subvencionable a compra de maquinaria e equipamentos novos afectos á actividade empresarial, e que sexan necesarios para desenvolvemento da actividade produtiva da empresa.

#### **Importe da Axuda**

45% dos gastos subvencionables

O **prazo** de presentación de solicitudes será de 1 mes dende a data da publicación.

Para calquera dúbida os promotores poden pórse en contacto a través do enderezo electrónico: [infoagader@xunta.gal](mailto:infoagader@xunta.gal) ou nos teléfonos: 981547369 - 981540140- 881997263

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

